


Materia/Área	Segunda Lingua Estranxeira Francés	 CPI de ATIOS Valdoviño
Profesor/a	Laura M. Fernández Sánchez	
Curso	3º ESO	

CONTIDOS:

1ª Avaliación: Repaso de contidos de 2º ESO como: alimentos, gustos, actividades de tempo libre e cotiás; o presente, o futuro e o passé composé; os verbos pronominais e os posesivos. Descrición do carácter: femininos irregulares, superlativo e adverbios en –ment. As emocións e os sentimentos. O tempo e a frecuencia. A concordancia do COD no passé composé.

2ª Avaliación: Vocabulario da xeografía: continentes, océanos, paisaxes, o medio natural. Os pronomes posesivos. Os tres tempos perifrásticos (repaso e ampliación): *présent continu*, *futur proche* e *passé récent*, colocación dos pronome co infinitivo. A descrición dos obxectos: forma, tamaño, peso, cor, material. A obriga e a prohibición.

3ª Avaliación: As preguntas e os xéneros literarios, os demostrativos. O imperativo e os pronomes persoais. As vacacións: lugares, países e preposicións, medios de transporte, aloxamento, actividades, obxectos; o pronome relativo *où* e o condicional.

OBXECTIVOS:

Este 3º curso retoma e amplía os contidos vistos en 1º e 2º ESO, de xeito que, por exemplo, se volve sobre a descrición das persoas e as partes do corpo do primeiro curso como punto de partida para ampliar o léxico e introducir novos conceptos gramaticais, ao tempo que se corríxen os erros permitidos nos inicios do estudio da lingua.

METODOLOXÍA:

Empregaremos o *Cahier d'exercices Pluriel 3* da editorial Santillana, os recursos da aula virtual do centro e o libro dixital correspondente ao *Cahier* diariamente. Veremos os textos e escoitaremos audios para descubrir novos contidos; no caderno faremos os exercicios orais e escritos, apuntaremos as explicacións e pegaremos recortes.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Criterios:

- Participar na clase e amosar interese por avanzar na materia.
- Demostrar coñecemento dos contidos léxicos e gramaticais nas probas.
- Actitude de axuda aos compañeiros e de cooperación nas actividades da aula.

Instrumentos:

- 2 exames (con 2 probas cada un: oral/escoita e escrita) en cada trimestre.
- Entrega periódica de fichas para resolver autonomamente (serán devoltas con cualificación).
- Revisión do caderno de exercicios e da libreta.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

2 exames por trimestre que suporán o 60% da nota; caderno e fichas: 30%; participación e actitude en clase: 10%.

MÍNIMOS:

Os contidos correspondentes a léxico (por exemplo: as partes do corpo, os adverbios de frecuencia, ...) e o emprego dos elementos gramaticais con algunha incorrección (por exemplo, conxugar o imperfecto ben pero facelo ás veces en lugar doutro tempo como o passé composé).

MATERIAL NECESARIO PARA A MATERIA:

Cahier d'exercices Pluriel 3 da editorial Santillana, libreta de francés de 2ºESO, se o alumno a conserva; se non a conserva ou está esgotada, unha libreta tamaño folio que non sexa demasiado grande. Ademais, bolígrafos azul e vermello, lapis, goma, tesoiras, pegamento e lapis de varias cores diferentes. **É imprescindible que o alumno acuda a clase provisto de auriculares** de calquera tipo (de diadema ou de botón).